

A REVISTA DA
BIBLIOTECA

OUTUBRO NOVEMBRO
DECEMBRO 2023

Nº 59

ABRACADA BRA

QUE LINDO É VIVIR

PASATEMPOS

GALERIA DE FOTOS

RECEITA


QUÊ HAI DE NOVO?



Deputación
DA CORUÑA

BIBLIOTECA INFANTIL E XUVENIL

QUE LINDO É VIVIR



P fffffff... Que M... Pois si que empezamos ben... Eu é que... Ah! Ola. Que saibades que non é un bo momento... Ou si... non o sei... Deixádeme en paz!... Isto... síntoo... non tedes a culpa... Aínda que ás veces penso que o mundo enteiro está na miña contra. Todo son problemas. Nada me sae ben. E o único que quero é desaparecer. Non existir... Perdón... Tremenda lería vos estou a soltar... Ah!!! Que tamén vos pasou? Pois que ben... É a confirmación de que o mundo é un noxo. Grazas. Aínda por riba a xente empéñase en dicir bobadas do tipo "o mundo é marabilloso", "sorrille á vida e ela sorrirache", "nunca choveu que non escampase", "xa verás como mañá ves as cousas doutra maneira"... Pois sabedes que? Xa pasaron varios días e sigo vendo as cousas igual de mal. Así que como veña alguén máis a darme ánimos... Eu é que... é que... Mellor que non veña!!!

Ah!!! E despois están os que che veñen dicindo o que tes que facer a modo de salvadores coa super-solución... Non mira, as posibles solucións xa as pensei eu e non me convencen. Que se pensan que son idiota... Tal vez esas cousas lles sirvan a eles e a elas pero a min non. Menos mal que temos a música. Polo menos eu sempre atopo algunha canción coa que identificarme nos distintos momentos da miña vida. E poida que soe parvo pero reconfórtame. Sinto que me comprenden, sen máis. Que moitas veces é o que realmente preciso. Ademais, a música pode influir nos estados de ánimo, e iso é xenial, porque dependendo do momento acompañame na miña tristura, na miña loita, na miña alegría... e mesmo pode chegar a facerme sentir ben nun mal momento. Á fin e ao cabo, como di La M.O.D.A. na súa canción "Suelo gris": "perder la voz cantando una canción, / es la mejor medicación." Non estades de acordo?

É máis, o neurocientífico Jacob Jolij, da Universidade de Groningen, nos Países Baixos, realizou un estudo no que examinou unha lista de cancións en busca da fórmula das cancións que nos fan sentir ben. As cancións da felicidade. Isto paréceme interesantísimo!! Pensádeo ben. Imaxínade que se atopa a fórmula e que realmente funciona. Só habería que poñer a música polas rúas, ou nos institutos e traballos e a xente sería feliz. Así de doado!! Non volvería haber xente triste, polo menos por moito tempo. O mundo volveríase marabilloso... Pois ben, aínda que este estudo non foi contrastado por ningún outro científico (non sei a que están a esperar), o que atopou o Dr. Jolij foi que as cancións que nos fan sentir ben teñen un tempo rápido, entre 140 e 150 beats por minuto ou máis, e están en ton maior. Ademais, as letras destas cancións son alegres e sen sentido ou letras que contan cousas divertidas e felices. De todos os xeitos, tamén sinala que, en última instancia, o que consegue que unha canción nos faga felices é moi persoal e, máis ou menos, depende do contexto social e das asociacións que cada un/unha faga. Pero mira, que a base está aí. Científicas e científicos do mundo sigan investigando!!

En fin, este estudo deixounos, polo momento, unha playlist coas 10 cancións máis felices das últimas décadas:

- "Don't stop me now" (Queen)
- "Dancing queen" (Abba)
- "Good vibrations" (The Beach Boys)
- "Uptown Girl" (Billie Joel)
- "Eye of the tiger" (Survivor)
- "I'm a believer" (The Monkeys)
- "Girls just wanna have fun" (Cyndi Lauper)
- "Livin' on a prayer" (Jon Bon Jovi)
- "I will survive" (Gloria Gaynor)
- "Walking on sunshine" (Katrina & The Waves)

Haberá que probar a ver se realmente funcionan... Eu pola miña banda vou sumar a canción "Problemas", de El Jose, que me fai moita graza e dá boas vibracións.

Que siiiiiiiiiiiiii!!!!!!... Xa me están reclamando... En fin, vémonos no próximo número. A ver se para entón xa todo o mundo opina, como o Kanka, "Que bello es vivir".

Ah!!! Que xa me esquecía. Se queredes escoitar todas as cancións que se nomean nesta revista, na Biblioteca fixeron a playlist na súa conta de spotify. Así que xa sabedes, picade no QR e... A ser felices!!!!

SCAN ME



PASATEMPOS

Nesta ocasión, e sen que sirva de precedente, imos empezar polos **CHISTES** máis graciosos que nos fostes deixando e outros que nos contaron por aí, para que sorriades moito e sexades felices:

Dos amigos en medio de una conversación filosófica: — Todos seríamos más felices si trabajásemos de lo que nos gusta...

— En mi caso es muy difícil encontrar trabajo de macarrones con queso.

¿Sabes por qué no se puede discutir con un DJ?
— Porque siempre están cambiando de tema.

Dos colegas hablando del Mundial y uno le dice a otro:

— ¿Cuál crees que es el mejor portero?

A lo que el otro responde: — ¡El de Para-guay!

¿Sabéis qué le dijo Batman a Robin antes de subir al coche?
— Robin, sube al coche.

QUE TAL ESTADES EN MÚSICA DO PAÍS?

Seredes quen de emparellar cada canción co seu grupo?
Seguro que si.

Nais e avoas	Sés
Estou na lavadora	Monolious DOP
Terra	Diplomáticos de Monte-Alto
Tempestades de sal	Aerolíneas Federales
Non todo é o que parece	Medomedá
Oda ó Fútbolín	Ruxe – ruxe
Rock do país	O Caimán do río Tea
Quero ver como te ris	Pauliña
Oporto vice	Dakidarría



E xa que estamos a falar de cancións, recomendámosvos o libro:

“Una Canción para ti: 50 temas para superar los retos de la vida” de Alberto Pellai ; Barbara Tamborini ; ilustraciones de Veronica Veci Carratello .

Descubre 50 das mellores cancións de todos os tempos da man das grandes iconas da escena musical, artistas unidos por unha verdade:

A música ten o poder de cambiar o mundo.

Dispoñible na **Sección Xuvenil. Sinatura 159.9 PEL can / a**

Deixámosvos un **TEXTO CIFRADO** cuns versos dunha canción. Sabedes de que canción se trata? Tranquilos. Que non renda o pánico. Aquí está a clave : (a-1 , b-2 , c-3 , d-4 , e-5 , f-6 , g-7 , h-8 , i-9 , j-10 , l-11 , m-12 , n-13 , o-14 , p-15 , q-16 , r-17 , s-18 , t-19 , u-20 , v-21)

15	14	17	16	20	5		20	13		12	20	13	4	14		18	9	13		
15	17	14	2	11	5	12	1	18		5	18		20	13		12	20	13	4	14
18	9	13		3	14	11	14	17	5	18	,	19	14	4	14	18		11	14	18
4	9	1	18		18	5	17	9	1	13		11	14		12	9	18	12	14	,
¿	4	5		16	20	5		9	2	1	13		1		8	1	2	11	1	17
11	1	18		3	1	13	3	9	14	13	5	18	¿							

GALERÍA

Este verán, nos obradoiros de pintura, traballamos 4 historias, 4 animais e 4 artistas. Aquí vos deixamos unha mostra do resultado. Fantástico!!! Bravo, rapaces e rapazas!!!



Fíxate na sombra!



ANIMAL
PODEROSO
FORTE E
VALENTE



Foto gañadora do concurso #HoxeLeoEn 2023



debuxamos caras
chulísimas con
moscas



Horror Vacu!!

RECEITA



Sé creativa, escolle as gominolas que máis che gusten e fai a túa propia versión destas arañas xeadas.

E falando de felicidade, sabíades que o chocolate é un estimulante natural do bo humor? Pois si! Contén a teobromina, unha substancia que mellora o estado de ánimo. Seguro que estades de acordo porque... a quen non o anima un anaco de chocolate?

Por iso mostrámosvos esta receita que nos pareceu o máximo! Chocolate con xeados e gominolas... Mmmmmmm!!! Quen se resiste?... Felicidade total para días excepcionais!!!

Arañas

fácil • catro persoas • 30 minutos

Necesitas

- 1 tesoira
- Papel de forno

Ingredientes

- 4 bólas de xeados de chocolate
- Fideos de chocolate
- 8 gominolas vermellas para os ollos
- 16 regalicias vermellas para as patas
- 32 gominolas pequenas verdes con forma de peras para os zapatos

1. Pasa as bólas de xeados polos fideos para que parezan arañas peludas. Colócalles os ollos e méteas ao conxelador.
2. De cada regalicia, fai dúas patas.
3. Despois, cunha tesoira fai unhas rañuras na parte máis fina das peras pequenas para poder meter por alí as patas de regalicia.
4. Unha vez montados os zapatos nas súas patas, colócalles as oito patas a cada araña e pega os zapatos ao prato para que pareza que están levantadas.



Esta receita podedes atopala no libro **"Chocolates: divertidos, fáciles, creativos"** e se quedades con ganas de máis, tamén podedes consultar os outros libros desta colección **"Cociña infantil e familiar"** dispoñibles na sección xuvenil (641.5 COC / a)

SOLUCIÓN DOS PASATEMPOS

PARELLAS CANCIÓN - GRUPO

Nais e avoas (Pauliña) / Estou na lavadora (O Caimán do Río Tea) / Terra (Dakidarría) / Tempestades de sal (Sés) / Rock do país (Ruxe - ruxe) / Oda ó Fútbolín (Os Diplomáticos de Monte-Alto) / Quero ver como te ris (Medomedá) / Non todo é o que parece (Aerolíneas Federales) / Oporto vice (Monolious DOP)

TEXTO CIFRADO

P	o	r	q	u	e		u	n		m	u	n	d	o		s	i	n		
p	r	o	b	l	e	m	a	s		e	s		u	n		m	u	n	d	o
s	i	n		c	o	l	o	r	e	s	,	t	o	d	o	s		l	o	s
d	i	a	s		s	e	r	i	a	n		l	o		m	i	s	m	o	,
¿	d	e		q	u	é		i	b	a	n		a		h	a	b	l	a	r
l	a	s		c	a	n	c	i	o	n	e	s	?							

QUE HAI DE NOVO...?

* Comezamos coas **ACTIVIDADES DE OUTONO**: os sábados pola mañá, taller de "Lego Wedo" para nen@s de 7 e 8 anos e "Robótica e programación" para nen@s de 9 a 14 anos. Consulta o programa **Celebracións na biblioteca** con talleres temáticos en outubro para celebrar o **"Día da Biblioteca"** e o **"Samain"**.

* En vacacións de Nadal organizamos, como todos os anos, os **"Talleres artísticos de pintura"**, impartidos por Luisa Valdés. Infórmate na Biblioteca.

* **PRÉSTAMO DIXITAL**. Se tamén che gusta ler en dixital, non agardes máis e dáte de alta na **biblioteca dixital EbiblioDaCoruna**. É moi sinxelo, consulta na páxina web www.dacoruna.gal/biblioteca/ebibliodacoruna/ebiblioteca-info

* **RESERVAS E RENOVACIÓNS**. Podedes facelas na páxina web <http://www.dacoruna.gal/biblioteca>.

* Lembra que podes ser **COLABORADOR/A DA NOSA REVISTA ABRACADABRA**. Esperamos as túas recomendacións de libros, trabalinguas, chistes, relatos, adiviñas... déixaas na Sección Infantil Xuvenil ou envíaas ao noso correo biblioteca.infantilxuvenil@dacoruna.gal e publicarámoslas no próximo número da revista.

Lembrámosvos que tamén estamos na rede



Biblioteca Provincial da
Deputación da Coruña
Sección Infantil e Xuvenil
R/Riego de Agua, 37 - 15001 A Coruña.
Tfno: 981 080 171
Depósito Legal: C 4802-2008